



PLAN DE CONVIVENCIA

IES Antón Alonso Ríos

*“A educación para o século XXI debe estruturarse en torno a catro piares básicos;
aprender a coñecer, aprender a facer, aprender a vivir xuntos e aprender a ser”
(Delors, J.)*

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN 3

XUSTIFICACIÓN 4

CARACTERÍSTICAS DO CENTRO 5

ANÁLISE DA CONVIVENCIA NO CENTRO 7

OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA 8

Obxectivos específicos derivados da análise previa 9

AS NORMAS DE CONVIVENCIA EN RELACIÓN COAS NOF 11

ACTUACIÓN DO CENTRO PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS ESPECÍFICOS 12

EN RELACIÓN CO ALUMNADO: 12

- a) Plan de acollida do alumnado novo 12
- b) Programa de mediación escolar entre iguais. 13
- c) Actividades extraescolares e complementarias. 13
- d) Normas de coidado das aulas e do seu mobiliario. 15
- e) Participación do alumnado 15
- f) Prevención e solución de situacións contrarias á convivencia 16

EN RELACIÓN CO PROFESORADO 16

EN RELACIÓN COAS FAMILIAS 17

Proxección do centro de cara ao exterior 18

DIFUSIÓN, SEGUIMENTO, AVALIACIÓN DO PLAN 19

INTRODUCCIÓN

Este Plan de Convivencia, ten como referencia a normativa legal vixente, e, en particular, a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, e o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a citada lei.

Seguindo a normativa, o Plan de Convivencia deberá contribuír á consecución dos seguintes obxectivos xerais:

- a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

Desde o centro, entendemos a convivencia como tarefa de todos e de cada un dos membros da comunidade educativa e por isto, queremos formular un modelo de convivencia aberto a toda á comunidade, flexible ás propostas, preparado para evolucionar e, sobre todo, consensuado e participativo.

Por outro lado, os modelos de intervención tradicionais, cun carácter marcadamente punitivo, e a falta de consecuencias positivas derivadas dos mesmos, actualmente non son suficientes para conseguir xestionar adecuadamente a convivencia e disciplina dun centro.

Plantexamos a elaboración dun Plan de Convivencia, non só como un requisito legal de obrigado cumprimento, senón como instrumento fundamental na mellora da calidade educativa e na formación integral do alumnado, e que supere ao modelo tradicional de conducta-castigo.

XUSTIFICACIÓN

O termo convivencia alude á acción de convivir. A formación integral do alumnado inclúe a educación para convivir. Para poder levar a cabo una acción educativa, faise necesario o establecemento dun clima tranquilo, disciplinado, ordenado e relaxado. Aprender a convivir, convertese así, nunha finalidade primordial da educación e nun dos principais retos do sistema educativo.

Cando falamos de convivencia escolar, facemos referencia ás relacións interpersoais que se producen no contexto escolar entre os distintos membros da comunidade educativa. E entendemos o conflito como a confrontación entre diversos intereses. Neste sentido, e aínda que os problemas de convivencia existiron sempre, parece que nos últimos anos estase producindo un progresivo incremento destes problemas dentro dos centros educativos e, de forma especial, en Secundaria.

Esta problemática dificulta o proceso de ensinanza-aprendizaxe que está limitado por aquelas condutas que poden ir desde a disrupción na aula ou nos espazos comúns, ata ás agresións ou bullying, nos casos máis extremos. Dentro deste contexto, as relacións entre os diferentes membros da comunidade educativa están condicionadas pola aparición deste tipo de condutas.

O Plan de Convivencia atenderá a regular esas relacións entre: o alumnado, o profesorado, o profesorado e o alumnado e viceversa e, por último, pais e nais co profesorado:

- A regulación das relacións entre o alumnado terá como obxectivo erradicar a violencia e establecer pautas tolerantes e dialogadas de acción.
- A regulación das relacións entre o profesorado terá como obxectivo coordinar a acción educativa do alumnado ao seu cargo, definindo con claridade os obxectivos mínimos de cada área ou materia, nos distintos niveis, criterios de esixencia,

obxectivos interdisciplinarios, e pautas e procedementos para lograr a orde disciplinaria necesaria nas aulas e na dinámica xeral do instituto.

- A regulación das relacións entre alumnado e profesorado ou viceversa, terá como finalidade a de lograr establecer mecanismos para a prevención, detección e resolución dialogada e construtiva dos conflitos.
- A regulación das relacións entre profesorado e pais e nais terá como obxectivo lograr un consenso ás demandas obxectivas da educación, tanto de carácter académico como educativo. A confluencia educativa de familia e profesorado, fai referencia de modo moi especial á prevención, diagnóstico e medidas educativas correctoras das condutas inadecuadas.

CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

O IES de Tomiño é de titularidade pública e o único centro de secundaria do concello de Tomiño, na provincia de Pontevedra. O concello ten una extensión de 103,4 km² e preto de 14.000 habitantes. A súa proximidade a Portugal apórtalle características diferenciadoras.

No centro impártese a etapa ESO, o Bacharelato Científico, o Tecnolóxico, Humanidades e Ciencias Sociais, dous Ciclos Formativos de Grao Medio: Instalacións de Comunicacións e Aproveitamento e Conservación do Medio Natural, e a Formación Profesional Básica en Agroxardinería e Composicións Florais.

O centro creouse en 1994 para ofertar o ensino secundario aos mozos e mozas dos cinco colexios do concello que actualmente temos adscritos e que antes tiñan que desprazarse aos concellos veciños. Comezou a funcionar con seis unidades do segundo ciclo de ESO. Desde entón foron moitos os retos que houbo que asumir: a chegada do alumnado de 1º ciclo de ESO, a implantación dos bacharelatos e a dos ciclos formativos, co conseguinte aumento tanto do profesorado como do alumnado, axiña resultou en importantes carencias de espazo que requiriron unha ampliación do edificio e dos terreos anexos. A escaseza de espazo semella un problema crónico no noso centro, pois o número de estudantes non diminúe significativamente dun ano a outro, e xa nos vimos na necesidade de redistribuír espazos, compartir uns despachos e ocupar outros para impartir clases en condicións precarias, organizar grupos-clase excesivamente numerosos, limitar a oferta das optativas e das medidas de atención á diversidade... Foron varias as iniciativas que o profesorado estaba disposto a acometer pero resultaban imposíbeis de aplicar por falta de espazos e medios.

Na actualidade, o claustro consta de 60 profesores e profesoras, ademáis de unha profesora de Pedagogía Terapéutica definitiva e unha compartida, e dúas profesoras de

relixión compartidas. A maioría do profesorado ten destino definitivo, inda que neste curso, houbo unha renovación importante do claustro, debido á alta mobilidade no último Concurso de Traslados. O profesorado agrúpanse en órganos de coordinación didáctica, como os Departamentos Didácticos, que se ocupan da coordinación curricular. A súa vez, son representados polos Xefes de Departamentos na Comisión de Coordinación Pedagóxica, da que forman parte tamén o Coordinador de FCT, o Xefe do Equipo de Normalización Lingüística, a responsábel da Biblioteca, a Orientadora e as profesoras de Pedagogía Terapéutica, xunto co Director e a Xefa de Estudos.

O Departamento de Orientación está formado pola orientadora e dúas profesoras de Pedagogía Terapéutica, os titores e titoras dos diferentes niveis, a coordinadora da FCT e a Xefa de Estudos.

O alumnado no presente curso ascende a 596 estudantes dos que 420 están na etapa ESO. Distribúense da seguinte maneira: 1º da ESO, 125 alumnos en cinco grupos; 2º da ESO 101 alumnos en cinco grupos; 3º da ESO 109 alumnos en cinco grupos; 4º da ESO 85 alumnos en tres grupos. No bacharelato hai 110 alumnos, 61 en dous grupos de primeiro e 49 en dous grupos de 2º. Nos ciclos formativos, o total de alumnos é de 30, distribuídos entre a familia profesional de Electricidade e Electrónica e a de Actividades Agrarias. Ademais, temos 33 alumnos na Formación Profesional Básica, 16 no 1º curso, e 17, no 2º curso.

O Consello Escolar está formado por tres pais/nais, un representante do Concello, sete profesores/as, tres alumnos/as e a Director, Xefa de Estudos e o Secretario do centro. Neste momento non hai representante do persoal de administración e servizos.

Os pais e nais que o desexan están asociados na ANPA, que dispón dun lugar de reunión no centro. Contamos cunha ANPA dinámica que participa da actividade xeral do centro, coa proposta e a coordinación de diferentes actividades extraescolares.

O persoal non docente componse neste momentos de dúas administrativas e dúas conserxes, así como de tres limpadoras.

O Centro mantén lazos de relación co seu entorno. No máis próximo, destaca a colaboración co Concello de Tomiño. Entre as dúas institucións a información é flúida e existe un hábito de comunicación e colaboración. Por outra banda, é salientable o papel dos Servizos Sociais do Concello no que respecta ó alumnado nunha situación socio-económica desfavorecida.

Ó mesmo tempo, o centro participa nun Programa Erasmus+ en colaboración con centros de outros países de Europa e noutro programa Erasmus, xestionado pola Deputación de Pontevedra, polo que enviamos a alumnos de FP a facelas prácticas no

extransxeiro. *O Departamento de Francés leva a cabo un programa de intercambio bianual co Lycée Notre Dame de la Tourtelière de Pouzauges, un pobo da rexión Pays de la Loire.*

No referente ás Actividades Complementarias e Extraescolares, realízanse a iniciativa de diferentes profesores durante o curso a proposta dos distintos Departamentos Didácticos. Gran parte destas actividades son organizadas polo ENDL, que tamén elabora a revista do instituto, Brétema. Temos un club de lectura, concursos e campañas de animación á lectura, deporte escolar, obradoiros de robótica, etc. Actividades todas estas que é preciso promover e fomentar non só pola súa utilidade académica senón porque contribúen a mellorar o clima de traballo e a boa convivencia no centro.

O centro conta con Comisión de Convivencia constituída no seo do Consello Escolar

ANÁLISE DA CONVIVENCIA NO CENTRO

Nos últimos cursos, os maiores problemas de convivencia preséntanse nos grupos de 1º e 2º de ESO, seguidos de 3º de ESO, 4º de ESO, e de 1º de bacharelato.

A madurez que pode dar a idade, e o abandono de alumnado desmotivado que cumpre 16 anos xogan un papel decisivo na diminución da conflitividade nos niveis superiores.

As causas máis frecuentes das amoestacións son:

- Condutas disruptivas na aula (interromper, falar, berrar, levantarse, xogar,...)
- Non obedecer ao profesorado.
- Faltas de respecto ao profesorado.
- Molestar ou insultar aos compañeiros e compañeiras.
- Disputas e empurróns entre compañeiros e compañeiras.
- Esconder o material aos compañeiros e compañeiras.
- Non levar ou sacar o material da clase.
- Non facer as actividades na casa.
- Uso indebido do teléfono móbil e das redes sociais.

A maioría das amoestacións están motivadas por impedir o normal desenvolvemento das clases, e por non facer caso as instrucións ou indicacións do profesorado. En canto as expulsións, gran parte delas debéronse a acumulación de amoestacións e, o resto, por faltas merecedoras de expulsión directa.

Algúns conflitos pódense resolver co diálogo entre o alumnado implicado e as súas familias, con medidas educativas correctoras de distinta índole (desde traballos para a

comunidade educativa, reparación do material deteriorado, realización de tarefas educativas..., ata a privación do tempo de recreo durante algúns días). No caso dos casos máis graves ou na reiteración de condutas conflitivas, pode chegarse a expulsións temporais, e incluso á apertura dun expediente disciplinario, inda que hai tempo que non necesitamos chegar ata ese punto.

No alumnado conflitivo podemos atopar falta de motivación, dificultades de aprendizaxe, impulsividade e pouca reflexión, falta de ferramentas para resolver os problemas ou certas situacións adecuadamente, ausencia dun referente de autoridade. Non ven no estudo unha vía que lles resolva o futuro.

Nalgunhas familias, atopamos falta de colaboración e implicación por parte dos pais e nais nos asuntos escolares, relacionados cos seus fillos/as e, en algún caso puntual, pouca responsabilidade ante o centro.

No profesorado, prexudica e a falta dun criterio común á hora de actuar en determinados conflitos, así como a escasa retroalimentación no proceso de información, comunicación e resolución dos conflitos.

Para finalizar dicir que nos últimos cursos produciuse unha mellora progresiva na convivencia escolar, cunha diminución tanto no número de conflitos como no de condutas conflitivas graves.

OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

1. Acadar un clima de convivencia dentro do instituto baseado no respecto mutuo, a solidariedade, o diálogo e unha cultura de paz.
2. Crear un clima de convivencia que permita aos alumnos acadar o seu dereito á educación e aos profesores o dereito a educar.
3. Implicar a toda a comunidade educativa no desenvolvemento das normas de convivencia polas que se rexe noso instituto.
4. Asumir o conflito como algo inherente á vida en común dun grupo de persoas e cuxo tratamento forma parte da labor educativa.
5. Priorizar as accións preventivas diante das consecuencias negativas dos conflitos que puidesen darse no centro.
6. Fomentar o diálogo como método para a resolución dos conflitos.
7. Facilitar a mediación para a resolución pacífica de conflitos.
8. Previr, detectar e eliminar as manifestacións de calquera tipo de violencia.
9. Previr, detectar e eliminar calquera manifestación de acoso.
10. Converter as accións punitivas en accións correctoras cun propósito formativo encamiñadas á socialización do alumno.

11. Facer doada a atención individualizada dos alumnos cuxo comportamento rompa a convivencia escolar.
12. Diminuír ao mínimo as condutas que perturban o clima de convivencia pacífica no noso centro.

Obxectivos específicos derivados da análise previa

Tendo como obxectivo primordial a construción dun bo clima de convivencia coa participación de toda a comunidade educativa, expóñense os obxectivos específicos para mellorar a convivencia no centro

1. Divulgar entre todos os membros da comunidade educativa as Normas de Organización e Funcionamento (NOF), especialmente aqueles artigos referidos ás normas internas de convivencia, á disciplina, á descrición e cualificación das faltas e os procedementos de corrección das condutas que as incumpren. Esta divulgación realizarase ao inicio do curso escolar a través do profesorado titor co seu grupo-clase, na reunión de principio de curso do Equipo Directivo e profesorado titor cos pais e nais do alumnado e, a través dos documentos informativos que desde a Dirección se difunden entre o profesorado.
2. Coñecer e valorar as características do grupo de alumnos e alumnas, tanto desde ou punto de vista persoal, como no relativo á competencia curricular, ás estratexias de aprendizaxe, a motivación, aos intereses, ás preocupacións e inquiredanzas, ás relacións persoais; coa finalidade de producir as respostas educativas adecuadas.
3. Fomentar a integración do novo alumnado e profesorado, desenvolvendo accións que favorezan a adaptación dos novos alumnos e alumnas, profesores e profesoras, e a súa interacción co resto do alumnado e do profesorado.
4. Concienciar a todos os membros da Comunidade Educativa da necesidade de coñecer e respectar os dereitos e deberes do alumnado, o profesorado, persoal non docente, e os pais e nais.
5. Potenciar dentro do Plan de Acción Titorial, todas aquelas accións que favorezan a orde, a disciplina e o respecto mutuo, entre os que cabe destacar a elaboración e o seguimento das normas específicas do grupo-clase. Programar e levar a cabo diversas actividades de dinámica de grupo, desenvolvemento de habilidades sociais, resolución de conflitos, respecto á diferenza.

6. Desenvolver o interese polo traballo cooperativo e solidario, fomentando o traballo en equipo como factor de eficacia fronte ao excesivo individualismo.
7. Buscar solucións aos conflitos, de forma dialogada e pacífica, transformándoos en estratexias que contribúan á construción de sentimentos positivos a fin de manter unha certa harmonía nas relacións das persoas implicadas no conflito.
8. Favorecer as situacións nas que o alumnado poida participar na organización, desenvolvemento e avaliación dos diferentes aspectos da vida académica do Centro: fomentar e alentar a participación do alumnado no Consello Escolar, Xunta de Delegados, Sesións de Avaliación.

9. Formar e capacitar ao propio alumnado como mediador no conflito entre iguais
10. Manter por parte do profesorado, unha liña de conduta coherente, uniforme e sistemática no tratamento da orde e da disciplina
11. Formarnos o profesorado en estratexias que favorezan a interacción social e a resolución positiva de conflitos.
12. Fomentar a implicación das familias
13. Propiciar a colaboración familia-centro a través dun intercambio construtivo de informacións que permita unir esforzos para lograr fins comúns e creación de canles de comunicación.
14. Mellorar as relacións entre todos os membros da comunidade educativa.

AS NORMAS DE CONVIVENCIA EN RELACIÓN COAS NOF

As Normas de Organización e Funcionamento do centro ([NOF](#)) recollen, no seu Capítulo III, todo o referente ás normas de convivencia entre os membros da comunidade educativa e aos procedementos das comisións correspondentes.

É preciso sinalar que as NOF constitúen unha norma de carácter superior e máis estable, mentres que no Plan de Convivencia, asumindo a orientación xeral do documento, preténdese ter unha referencia nos asuntos ordinarios da convivencia, sobre todo cunha orientación preventiva.

Respecto do ámbito de aplicación, ambos documentos deben ser plenamente compatibles, prevalecendo as NOF en caso de incoherencia.

A primeira idea da que deberían partir as demais normas de convivencia sería “Trata aos demais como che gustaría ser tratado”

¿Gustaríache que te interromperan a clase por chegar tarde? ¿Que entraran a empurróns? ¿Que te insultaran? ¿Que che faltara o material que deixaches na túa mesa ou que esta estea sucia? ¿Que no che deixaran escoitar ao profesor cando este está a explicar?

Da resposta ás moitas preguntas que se poden plantexar xorden as normas que ao principio de cada curso escolar poderían ser traballadas por cada grupo de alumnos e aplicadas á aula (en cartolinas, debuxos, posters, etc.)

As normas de convivencia deben ser coñecidas, asumidas e cumpridas por todos. Débese manter clara a convicción sobre a necesidade da existencia dunhas normas de comportamento que fagan agradable a estancia no instituto.

As normas xerais poderían reducirse a cinco, das cales se derivan normas específicas:

- Manifestar interese e esforzo por aprender.
- Tratar con respecto ás persoas, actuando como corresponde nun centro educativo.
- Contribuír a que haxa un bo ambiente de traballo na aula.
- Comportarse sempre de xeito sereno e pacífico.
- Tratar adecuadamente o mobiliario e as instalacións.

ACTUACIÓNS DO CENTRO PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Inclúense as actuacións que xa se están realizando e que se continuarán desenvolvendo, e novas propostas que complementen e faciliten o obxectivo de acadar a mellora da convivencia.

EN RELACIÓN CO ALUMNADO:

a) Plan de acollida do alumnado novo

1. [Recepción do alumnado de 6º de primaria](#) que se incorporará o seguinte curso ao noso centro. A principios do mes de xuño, levamos a cabo unha xornada de acollida que implica o primeiro contacto coas instalacións, espazos, compañeiros e profesorado. A visita ven precedida por unha visita previa da xefa de estudos e a orientadora aos centros adscritos para unha primeira toma de contacto co alumnado. A organización da visita no centro corre a cargo da Xefa do Departamento de Orientación, quen se coordina nos centros de primaria para establecelo horario das visitas e informa e negocia co profesorado do instituto a mobilidade do alumnado visitante.
2. Transmisión aos titores e ao profesorado implicado de información sobre alumnado con Necesidades Educativas especiais.
3. Criterios para elaborar os grupos.
En 1º de ESO, co obxectivo de facer grupos equilibrados, facemos grupos heteroxéneos tomando como base criterios propios, pero tendo en moi en conta a información que nos dan os colexios de Primaria e a que nos aportan as familias.
En 2º de ESO en principio mantéñense os grupos feitos en 1º de ESO; estes soamente serán modificados se a xunta de avaliación de 1º de ESO recomenda reestruturar algún grupo pois se aprecia un funcionamento deficiente. Nese caso

farase unha análise do alumnado que sexa susceptible de ser cambiado co obxectivo de facer grupos nos que o traballo e a convivencia sexan factibles.

En 3º de ESO rómpense xa os grupos que viñan de antes. En adiante, a elaboración dos grupos farase en función preferentemente da optatividade escollida polo alumnado, se ben tentárase facer un reparto equilibrado do alumnado repetidor.

4. Plan de acollida de alumnos estranxeiros que se abre cada vez que temos este tipo de alumnado. Entre as medidas adoptadas está a de clase de apoio para o coñecemento da Lingua que lles servirá para unha maior e máis rápida integración.

b) Programa de mediación escolar entre iguais.

[O Programa de mediación](#) vai encamiñado á xestión dos conflitos que poidan xurdir como punto de partida para o encontro, a aprendizaxe e a mellora da convivencia no centro tomando como base a confianza e o respecto.

c) Actividades extraescolares e complementarias.

A convivencia fora das aulas e, loxicamente, de gran importancia. A existencia de actividades de tipo lúdico e formativo proporcionan a toda a comunidade escolar e ao alumnado en particular a posibilidade de participar dentro e fora do centro en eventos que proporcionan por unha parte unha visión máis relaxada do ambiente educativo e, por outra dan a oportunidade de adquirir contidos curriculares de difícil adquisición na aula.

5. Celebracións especiais co obxectivo de fomentar a participación e a convivencia nun entorno lúdico:
 - **Festa do Magosto:** Organizada polo Departamento de Actividades Extraescolares. Ten lugar entre a última quincena de outubro e a primeira de novembro. Nos últimos anos as actividades comezan ás 14:30, ao remate da actividade lectiva da mañá. O alumnado e o profesorado que o desexe quedan a comer no centro. O alumnado de forestais e de 4º de ESO venden bocadillos e doces de elaboración caseira. Ás 16:30 h dan comezo as actividades lúdicas, que rematarán ás 18:10h. O obxectivo deste horario é fomentar a convivencia do alumnado e o profesorado na hora da comida. Por outra parte, o alumnado que non desexa participar na celebración xa non ven pola tarde, o que facilita moito as tarefas de control e favorece a creación dun ambiente relaxado e agradable.

- **Entroido:** Organizada polo Departamento de Actividades Extraescolares. Organízase normalmente o último día de clases antes das festas do Entroido. A actividade lectiva cesa ás 11:30, hora na que o alumnado ten tempo para disfrazarse. As actividades desenvólvense ata pouco antes das 14:30, hora na que o alumnado se reincorpora ás aulas para pasar lista. Como norma xera non se permite que o alumnado se disfrace antes das 11:30.
 - **Día da Paz:** Organizada polo Departamento de Actividades Extraescolares. Esta actividade non ten formato fixo. Cada ano realízanse diferentes actividades con distintos grupos
 - **Día da árbore:** Organizado polo Departamento de Dinamización lingüística e o Departamento de Forestais. Realízanse actividades co alumnado de
 - **Festa das Letras:** Organizado polo Departamento de Dinamización lingüística e Departamento de Actividades Extraescolares
 - Outras
6. Participación do centro no [Plan director](#) do Ministerio do Interior: Charlas a alumnado de 1º, 2º, 3º de ESO e aos pais sobre os perigos das redes sociais e sobre violencia de xénero impartidas por persoal da Guarda Civil.
7. Intercambios escolares e encontros con outros centros: Francia, Galicia, Portugal, e dentro do Proxecto Erasmus (Alemaña, Grecia, Italia, Francia e Portugal)
8. Deporte Escolar. Trabállase de dous xeitos:
- a) Deporte nos recreos: A cargo de profesorado voluntario que ten horas dedicadas a manter e dinamizar algún tipo de actividade deportiva. Considerando o deporte como un medio de integración, aprendizaxe, cooperación e esforzo común.
 - b) Participación do centro no programa Xogade.
- O Deporte escolar está introducido no Plan de Acción Titorial do centro, mediante a inclusión de unha sesión na que se explica ao alumnado a necesidade de ser corresponsables na organización das actividades deportivas dos recreos.
9. Outras actividades de dinamización nos recreos: Aula de informática, Biblioteca, Obradoiro de robótica. A dotación horaria do profesorado estará en función das posibilidades do centro.

10. Proxecto de Fin de Curso. Proxecto que implica aos diferentes departamentos nun acto público a realizar no auditorio de Goián, que incluírá representacións teatrais, sketches, interpretacións musicais, baile, etc
11. [Plan de Consumo de Froitas](#). O centro participa desde hai anos nas axudas do Programa de Consumo de Froitas e Hortalizas nas Escolas. O consumo faise en semanas alternas, según a axuda concedida cada ano.
12. Biblioteca escolar. Funcionamento. Plan lector. Clube de lectura.
13. Viaxes escolares:
 - a) Viaxe de fin de estudos de 4º de ESO. Esta viaxe está considerada como unha importante actividade de centro, non soamente polo que supón en sí mesmo a realización de unha viaxe de varios días cos compañeiros ao final de unha etapa educativa, como por todo o que conleva de preparación e sobre todo de organización Tempo de convivencia, aprendizaxe e disfrute.
 - b) Viaxe á neve: Organizado con carácter bianual polo Departamento de Educación física.
 - c) Intercambio cun centro extranxeiro: Organizado polo Departamento de Francés con carácter bianual. Na actualidade mantemos un intercambio co lycée de Pouzauges, no Pays de La Loire (Francia).

d) Normas de coidado das aulas e do seu mobiliario.

O ambiente de convivencia dáse nus espazos coidados que os alumnos e alumnas perciban como propios. Par iso é moi importante facer un esforzo organizativo para a súa boa conservación

14. [Control de estado do mobiliario](#). A principio de curso os titores asignan mesa e cadeira a cada alumno e se cubre unha ficha sobre o estado do mobiliario. A final de curso se volve a ver a ficha para controlar o deterioro. Protocolo para dar parte de avarías, estragos, etc.
15. Normativa de uso de espazos e taboleiros. Especificado nas NOF
16. Concurso Aula Limpa.cada cuadrimestre outórgase un premio ao grupo que teña a aula máis coidada. Na concesión do premio está implicado o propio alumnado. O premio consiste normalmente nunha saída didáctico-lúdica subvencionada polo centro.

e) Participación do alumnado

17. Participación do alumnado nas avaliacións: Proceso de preparación, análise e exposición. Este plan púxose en marcha no curso 2015 2016 despois dun proceso

de debate na CCP e no Claustro de Profesores e se atopa no curso 2016 2017 en período de proba. O Obxectivo é dar participación e responsabilidade ao alumnado no proceso de avaliación como parte do seu proceso educativo. Isto precisa dun traballo intenso na titoría. O alumnado fará unha posta en común e deberá realizar un informe no que faga unha análise crítica do traballo na aula nas diferentes materias. O informe, que toma como base un documento aprobado na CCP poderá ser presentado polos representantes do grupo nos primeiros minutos da sesión de avaliación correspondente se así o decide o titor ou titora, cuxo papel será determinante neste proceso.

f) Prevención e solución de situacións contrarias á convivencia

18. Obradoiro de conduta, levado a cabo polo Departamento de Orientación.
19. Formación de alumnos e alumnas como mediadores entre iguais
20. Relación coa responsable de asuntos sociais do concello e protocolo de derivación de alumnado a Asuntos Sociais.
21. Protocolo de actuación en casos de acoso escolar.
22. Obradoiro de educación emocional. En función da demanda, o desenvolve o Departamento de Orientación.
23. Creación da Aula de Convivencia como recurso educativo para unha mellora no caso de condutas disruptivas e como espazo para a reflexión.

En relación co profesorado

24. Recepción de novos profesores.

O profesorado que chegue por primeira vez ao centro será recibido por algún membro do equipo directivo, preferentemente o director, quen:

- Xestionará, de ser o caso, os documentos de toma de posesión.
- Facilitaralle o seu horario de traballo.
- Fará entregado documento de [información básica do centro](#) co obxecto de informalos, e integralos desde o momento da chegada.
- Amosaralle o centro.
- O porá en contacto cos membros do seu departamento e, de ser o caso, co profesor ou profesora substituído.

25. Reunión do grupo de titores de cada curso co titular da xefatura de estudos. De carácter semanal e nunha hora que consta no horario lectivo dos titores e titoras. Estas reunións permiten facer un seguimento continuado da marcha dos grupos, servindo para predicir e, no seu caso, atallar problemas que poidan xurdir.

En relación coas familias

26. Recepción a pais e nais do alumnado de 6º de primaria que se incorporará no seguinte curso académico ao centro, para explicarlles as características do centro e do proceso educativo ao que se van a incorporar os seus fillos e fillas. A reunión a organiza a dirección no mes de xuño, participando nela o director, a xefa de estudos e a xefa do Departamento de Orientación, sen prexuízo de que poida participar máis profesorado. Nela fálase da evolución dos nenos coa idade e faise unha introdución ás normas de convivencia do centro. A recepción de pais ten lugar tamén no mes de xuño, e trala xornada de acollida do alumnado de 6º de primaria. A reunión ten lugar en horario de tarde no salón de actos do IES.
27. Primeira reunión informativa dos titores coas familias. Terá lugar nas primeiras semanas do curso. Os titores reciben ás familias nas respectivas aulas de referencia e transmiten información sobre o grupo, o curso e as normas básicas do centro.
28. Entrevistas dos titores cos pais e nais de alumnos. Previa cita, a iniciativa ben dos pais ou b do titor ou titora.
29. Entrevistas dos profesores cos pais de alumnos.
30. Acto de graduación do alumnado de 2º de Bacharelato e Ciclos. Este acto ten lugar a finais do mes de maio, unha vez que rematou o curso o alumnado de 2º de bacharelato e ciclos. O seu obxectivo é facer un acto de despedida ao alumnado que remata esta etapa educativa, facendo partícipes ás familias e a membros de toda a comunidade educativa que queiran sumarse.
31. Control de asistencia do alumnado. Para que exista un control eficaz da asistencia do alumnado ao centro é moi importante que a comunicación das faltas ás familias se produza dun xeito rápido e eficaz. Así mesmo, os casos de absentismo deberán ser tratados con rigor debido ás consecuencias legais que poden traer para as familias ou para o alumnado. Por esa razón, o centro dispón de unha serie de documentos:
 - a. [Comunicación de faltas de asistencia ás primeiras horas da mañá e da tarde.](#)
 - b. [Protocolo de absentismo.](#) Para alumnado en idade de escolarización obrigatoria
 - c. [Apercibimento e comunicación da perda do dereito de avaliación continua.](#) Para alumnado de bacharelato e ciclos formativos
 - d. [Impreso](#) para que os pais autoricen a terceiros a recoller no centro a alumnos menores de idade. Se entrega xunto cos impresos de matrícula cando o alumno se matricula por primeira vez no centro.

Anualmente os tutores avisan ás familias por se queren modificar algún dato.

- e. Mecanismo para permitir o libre movemento a alumnos maiores de idade. O alumnado maior de idade pode saír do centro baixo a súa propia responsabilidade. Para poder identificar a este alumnado, os profesores de garda poderán requirirlle o seu DNI. A dirección elaborará a principio de curso un pequeno documento que resultará moi útil para o profesorado que fai gardas de recreo e no que consta con fotos o alumnado que é maior de idade. O documento tamén pode incluír o alumnado que cumprirá os 18 anos durante ese curso académico

Proxección do centro de cara ao exterior

Se ben non ten unha incidencia directa na convivencia escolar, a proxección do centro cara ao exterior contribúe a determinar a imaxe que del se poden facer os veciños do concello, que poderán ser nalgún momento parte da comunidade escolar. A existencia dunha idea positiva do instituto vai a condicionar a actitude coa que os pais e alumnos afronten a súa relación co centro e o seu proceso educativo.

O centro debe facer un gran esforzo en ofrecer unha información precisa sobre todos aqueles aspectos do seu funcionamento que poidan resultar de interese para toda a comunidade educativa e para a sociedade en xeral. Para iso a páxina web do centro e as páxinas en redes sociais xogan un importante papel.

1. Páxina web do centro: pon a disposición dos usuarios a información oficial do centro, os impresos, mais tamén informa sobre as actividades que nel se realizan
2. As páxinas de facebook e Twiter xogan un papel máis inmediato, con vocación de ser unha xanela aberta ao exterior desde a que se pode observar o día a día do instituto.
3. Notas de prensa nas que se informa das actividades que realiza o centro e que nos interesa comunicar.
4. Revista Brétema. De edición anual e a cargo do Departamento de Dinamización lingüística.
5. Colaboracións puntuais con entidades sen ánimo de lucro.

DIFUSIÓN, SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN DO PLAN

Entre as actividades que se poden levar a cabo para a difusión deste Plan de Convivencia temos a presentación do mesmo a todos os sectores da Comunidade Educativa, utilizando diferentes canles: charlas, coloquios dirixidos aos pais e as nais, ao alumnado, divulgación das NOF, sesión do Claustro de Profesorado e do Consello Escolar, publicación na páxina Web do Centro, actividades específicas incluídas no Plan de Acción Titorial, etc.

O seguimento realizarase propiciando a súa revisión durante todo o curso. Será a Comisión de convivencia, o que en primeira instancia realizará o seguimento e avaliación do Plan cunha periodicidade trimestral, elaborando un informe que inclúa as incidencias producidas en cada trimestre en materia de convivencia, as actividades e actuacións realizadas, a súa valoración e as propostas para o período seguinte.

Así mesmo o Consello Escolar participará do seguimento e avaliación do Plan trimestralmente, pois analizará os informes que elabore o Observatorio de Convivencia.

Este documento foi aprobado polo Consello Escolar o día 4 de maio de 2017